

INFORMES

Avance de resultados do informe sobre o teatro galego: creadores, xestores e públicos

INFORMES
CCG



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal



Introdución

O Consello da Cultura Galega decidiu elaborar un estudo sobre os principais colectivos do sistema teatral en Galicia para presentar no *I Congreso Internacional do Teatro Galego*, programado inicialmente para marzo de 2020, agora posposto para outubro deste mesmo ano. Os estudos preliminares mostraron a existencia de escasa evidencia empírica sobre as relacións dos principais colectivos implicados. Leváronse a cabo unha serie de reunións con representantes do sector para detectar as necesidades de información que había. O resultado puxo de manifesto que non existía un produto que medise a relación existente entre os públicos, os creadores e os axentes, salvo experiencias puntuais e escasamente sistematizadas.

Por isto, o Consello da Cultura Galega aprobou desenvolver unha sondaxe nuns universos definidos previamente co sector do teatro que dese conta da súa realidade. O resultado foi a posta en marcha de tres enquisas distintas, cunha estrutura común que facilitase a posibilidade de seren comparadas, pero cuns obxectivos distintos. Así, realizouse unha mostra dos públicos, outra de xestores e outra de creadores de teatro galegos.



O estudo dos espazos escénicos de Galicia e dos seus programadores contou coa participación de 169 recintos, dun total de 209 locais identificados, é dicir, co 80,9% do total, o que supón un erro estatístico de +/-3,37.

No marco do estudo aos públicos efectuáronse en total 1.137 entrevistas en 21 espazos escénicos repartidos por toda Galicia tendo en conta a provincia e o tamaño dos concellos, polo que o erro mostral é do +/-2,97.

Para os creadores tomouse como universo de análise o conxunto dos socios da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, os membros da Academia Galega de Teatro e as persoas responsables das compañías que figuran no catálogo da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas. En conxunto, este universo estaba conformado por 379 profesionais das artes escénicas en Galicia. Durante o traballo de campo realizáronse entrevistas a 252 destes profesionais, polo que a enquisa presenta unha marxe de erro do +/-3,65.

Este informe é un avance de resultados dunha explotación preliminar das tres enquisas executadas entre novembro de 2019 e febreiro de 2020.

Os espazos escénicos e os seus xestores

O perfil das persoas responsables da programación de teatro en Galicia é o dunha muller de 49 anos, funcionaria ou persoal laboral da Administración pública, principalmente do ámbito municipal. No 82% dos espazos estudados as tarefas de programación son levadas a cabo por persoal funcionario ou laboral que debe asumir ademais outras funcións que, en moitas ocasións, son as principais. Só un 10,2% ten dedicación exclusiva a este labor.

Trátase dun persoal programador en xeral pouco profesionalizado, pois unha importante porcentaxe carece de formación específica para o labor de programación (40,7%) e só un 21% conta con formación regrada no ámbito da xestión cultural. Ademais, 7 de cada 10 non tiñan experiencia previa en xestión cultural cando asumiron as funcións de programación. De feito, o 88,6% non se dedica exclusivamente á programación e un 89,8% non conta con retribución específica por ese labor.

O 93,5% dos espazos escénicos dos que dependen estes programadores son de titularidade pública, principalmente municipal. A metade desas infraestruturas están situadas en concellos de menos de 10.000 habitantes, mentres que nas cidades se localiza o 13,6% dos recintos que participaron na enquisa.

Espazos escénicos por volume demográfico do concello

	Frecuencia	Porcentaxe
Ata 10.000 hab.	84	49,7
De 10.001 a 20.000 hab.	40	23,7
De 20.001 a 50.000 hab.	22	13,0
Máis de 50.000 hab.	23	13,6
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Entre os 169 espazos escénicos achegan un total de 48.815 butacas, o que supón unha media de 288,8 butacas por local, se ben se aprecia unha notable disparidade entre os distintos centros debido ao tamaño do concello no que se atopan os espazos escénicos. A media de butacas por recinto é de 216,4 butacas nos concellos de ata 10.000 habitantes, mentres que nas cidades a media é de 622,9 butacas por espazo, de modo que nas cidades se atopa o 29,3% das butacas dispoñibles. A metade dos locais teñen entre 101 e 300 butacas. Se a esa porcentaxe se lle suma o 21,3% dos que teñen

non máis de 100, pódese concluír que entre os espazos analizados predominan os de pequena capacidade, pois o 72,2% do total non supera as 300 butacas.

Con respecto aos indicadores económicos, predominan os espazos con moi pouco orzamento, posto que só o 16% dos programadores declara que contou cun orzamento de 50.000 € ou máis en 2018.

Orzamento do espazo escénico en 2018

	Frecuencia	Porcentaxe
Menos de 50.000 euros	109	64,5
50.000 ou máis euros	27	16,0
Nc	33	19,5
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Entre os espazos analizados predominan os que non contan con ingresos por entradas vendidas (en 2018 programou só funcións de balde o 57,4%). Esa característica é especialmente habitual no rural, onde o 76,2% dos espazos programaron só funcións gratuítas, fronte ao 13% das cidades.

Ingresos por venda de entradas en 2018

	Frecuencia	Porcentaxe
Sen ingresos por venda de entradas (entradas de balde)	97	57,4
Menos de 50.000 euros	44	26,0
De 50.000 a 100.000 euros	6	3,6
De 100.001 a 200.000 euros	3	1,8
Máis de 200.000 euros	2	1,2
Nc	17	10,1
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Ao preguntarlles ás persoas responsables da programación polos aspectos que cren que deberían mellorar nos seus espazos escénicos foron numerosas as respostas espontáneas recibidas. As máis mencionadas son as carencias referidas a cuestións técnicas, en especial no que atinxe aos sistemas de iluminación e son (66,3%).

**Dende a súa óptica como xestor/a, se puidese mellorar tres aspectos deste teatro, cales serían?
(RESPOSTA MÚLTIPLE)**

	Frecuencia	Porcentaxe
Cuestións técnicas	112	66,3
Cuestións estruturais	86	50,9
Máis persoal / profesionalización do persoal	21	12,4
Incrementar o orzamento	16	9,5
A publicidade, a promoción da programación	8	4,7
Venda de entradas, venda anticipada...	5	3,0
Outras respostas	22	13,0
Nada, está todo ben	13	7,7
Ns/Nc	13	7,7

Fonte: Elaboración propia

Tras destas atópanse as cuestións estruturais, relativas ás características arquitectónicas das edificacións, cunha porcentaxe tamén moi destacada do 50,9% (tamaño, disposición das butacas, espazo do escenario etc.). En terceiro lugar está a demanda de máis persoal ou dunha profesionalización deste (12,4%). O resto de carencias acadaron unha porcentaxe inferior ao 10%.

Pero unha vez que indicaron de forma espontánea que aspectos cren que deberían mellorar nos espazos escénicos, preguntóuselles tamén por tres aspectos concretos, con independencia de que os mencionasen ou non na pregunta anterior. Na liña do sinalado de xeito espontáneo comprobouse que para o 74,6% é necesario mellorar cuestións técnicas, como os equipos de luz e son; para o 62,7% o espazo amosa carencias de persoal; para o 56,2% o orzamento co que conta a infraestrutura na que traballa é insuficiente para un bo funcionamento.

A continuación voulle ler unha serie de pares de afirmacións e gustaríame que me indicase cal delas describe mellor a situación deste teatro

		Frecuencia	Porcentaxe
Orzamento	O orzamento actual é insuficiente para un bo funcionamento deste espazo escénico	95	56,2
	O orzamento actual é o axeitado para as súas características	58	34,3
	Ns/Nc	16	9,5
	Total	169	100,0
Persoal	Este teatro ten carencias de persoal	106	62,7
	Este teatro conta con suficiente persoal tanto en número como en competencias	51	30,2
	Ns/Nc	12	7,1
	Total	169	100,0
Dotación técnica	Este teatro ten unha dotación técnica suficiente e actualizada	37	21,9
	É preciso mellorar cuestións como os equipos de luces ou son etc.	126	74,6
	Ns/Nc	6	3,6
	Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Á marxe dos aspectos físicos ou materiais dos espazos escénicos, o estudo afondou tamén en temas relacionados coa programación que neles se realiza. Dese xeito, o máis habitual é programar as obras cunha antelación de entre 3 e 6 meses (43,2% dos espazos), seguido da programación con menos de 3 meses de antelación (30,2%), polo que no 73,4% dos recintos a programación faise nun prazo non superior aos 6 meses.

Con que antelación acostuma programar unha obra, respecto da data da representación?

	Frecuencia	Porcentaxe
Con menos de 3 meses de antelación	51	30,2
Con entre 3 e 6 meses de antelación	73	43,2
Con entre 6 meses e un ano de antelación	33	19,5
Con máis dun ano de antelación	5	3,0
Ns/Nc	7	4,1
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Nos espazos analizados representáronse un total de 4.595 funcións en 2018, é dicir, unha media de 28,9 espectáculos por recinto. No 34,3% deles escenificáronse menos de 10 funcións nese ano.

Número total de funcións programadas durante 2018

	Suma	Media	Desviación típica
Número total de funcións	4.595	28,9	39,7

Fonte: Elaboración propia

A media de funcións foi máis elevada canto maior é o tamaño poboacional do concello (os valores pasan de 15,5 representacións nos concellos de ata 10.000 habitantes a 35,4 nas vilas de 20.001 a 50.000, para elevarse de forma evidente nas cidades, ata as 85,9). O 43% das funcións programadas tivo lugar nos espazos das cidades.

O 76,2% das funcións programadas foron en galego. Esta porcentaxe varía notablemente en función do tamaño do concello, pois supoñen o 95,7% das representacións dos concellos máis pequenos, mentres que nas cidades esta porcentaxe é do 49,1%.

**Peso porcentual das funcións en galego sobre o total de funcións programadas en 2018
(Só espazos que indicaron número de funcións en galego)**

	Suma	Media	Desviación típica
Número total de funcións programadas (excluídos casos sen información en número de funcións en galego)	3.957	26,4	35,8
Número de funcións en galego	3.014	20,1	22,9
Peso porcentual das funcións en galego	76,2		

Fonte: Elaboración propia.

A táboa recolle só o número de funcións en total e en galego dos espazos que indicaron ambas as respostas.

Por xénero, en 2018 as funcións máis habituais nos espazos analizados foron as de teatro para adultos (45,4%) e as de teatro infantil ou familiar (33,6%). Por tamaño poboacional o teatro adulto predominou con claridade nos concellos de máis de 10.000 habitantes, mentres que nos máis pequenos o máis frecuente é a programación de teatro infantil ou familiar (42,5%).

Que número de funcións programou este teatro en 2018 para cada un dos seguintes tipos de xénero?

	Suma	Porcentaxe	Media	Desviación típica
Teatro musical / Ópera	168	3,9	1,1	2,8
Danza	281	6,6	1,8	4,1
Teatro: Infantil / Familiar	1.433	33,6	9,4	12,9
Teatro: Adultos	1.932	45,4	12,6	25,9
Circo, maxia, variedades...	352	8,3	2,3	4,8
Outro tipo	94	2,2	0,6	3,1
Funcións programadas no espazo escénico en 2018	4.260	100,0		

Fonte: Elaboración propia.

O total de funcións é a suma das funcións declaradas por xénero. Tendo en conta o número de espazos que non desagregaron esta información, resulta inferior ao total de funcións declarado na variable correspondente.

De xeito coherente co anterior, o teatro para adultos (49,1%) e o teatro infantil ou familiar (59,3%) son os xéneros máis demandados polo público, en opinión dos programadores. Isto varía en boa medida segundo o tamaño poboacional do concello onde se atope o espazo escénico, pois mentres o teatro infantil ou familiar é especialmente demandado nos concellos rurais e semiurbanos, o teatro adulto é o máis demandado, con claridade, nas cidades.

**Dos seguintes xéneros, cales considera Vde. que son os dous máis demandados polo seu público, cales cre que teñen maior aceptación por parte do público?
(RESPOSTA MÚLTIPLE)**

	Frecuencia	Porcentaxe
Teatro musical / Ópera	14	8,4
Danza	4	2,4
Teatro: Infantil / Familiar	99	59,3
Teatro: Adultos	82	49,1
Circo, maxia, variedades	22	13,2
Ns/Nc	23	13,8

Fonte: Elaboración propia

Só o 43,2% dos espazos escénicos que figuran na mostra de estudo dispón de rexistro de espectadores. Esa porcentaxe é maior nos espazos das vilas de máis de 20.000 habitantes ou nas cidades, aínda que tampouco nestas se dispón de tal rexistro en todos os espazos (nas cidades non pasa do 73,9% a porcentaxe dos que o teñen).

O espazo dispón dun rexistro do número de espectadores?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si	73	43,2
Non	96	56,8
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Nos 169 espazos da mostra de estudo recibíronse en 2018 un total de 929.674 espectadores, que se concentraron principalmente nas cidades, a cuxos espazos asistiu o 58,7% do total.

Podería indicarme cantos espectadores recibiu neste teatro durante 2018? (Todos os espazos escénicos)

	Suma	Media	Desviación típica
Número total de espectadores	929.674	6.076,3	13.939,13

Fonte: Elaboración propia

O resultado desta variable parte dos datos achegados polos espazos dotados de rexistro de asistencia e da estimación sobre a media de asistentes por función dos que carecen de tal rexistro.

Nos espazos que contan con rexistro de espectadores, o 63,7% das persoas asistentes presenciou obras en galego, porcentaxe que varía moito en función do tamaño poboacional do concello en que se atope o espazo escénico, pois nos concellos máis pequenos esta cifra acada o 95,6%, mentres que nas cidades baixa ata o 58% e nas vilas de 20.000 a 50.000 sitúase no 49,2%.

As persoas responsables da programación do 56,8% dos espazos escénicos consideran que contan con maior asistencia as funcións en galego, porcentaxe que se incrementa canto menor é o tamaño poboacional do concello en que se atopa o recinto (do 30,4% das cidades ao 70,2% dos concellos de menos de 10.000 habitantes). Nas cidades equipáranse as preferencias entre galego e castelán.

E, neste espazo escénico, que funcións reciben maior asistencia, as funcións en castelán ou as funcións en galego? (Todos os espazos escénicos)

	Frecuencia	Porcentaxe
Reciben máis asistencia as funcións en castelán	15	8,9
Reciben máis asistencia as funcións en galego	96	56,8
Ambas reciben unha asistencia similar	38	22,5
Ns/Nc	20	11,8
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

A táboa recolle a relación entre as persoas asistentes a funcións en galego e funcións en castelán dos espazos con rexistro de asistencia e a resposta literal a esta pregunta dos espazos sen ese rexistro.

Tras ver o número de espazos, o número de butacas, o número de funcións programadas e o número de espectadores recibidos, comprobouse que se ben a maior parte dos espazos se concentran no rural, trátase de recintos pequenos, con capacidades reducidas e que programan moi poucas funcións ao longo do ano, polo que, consecuentemente, reciben poucos espectadores. Dese xeito, son os grandes espazos das cidades, moitos deles cun gran número de butacas e unha programación completa e frecuente, os que atraen maior número de espectadores. Así as cidades só supoñen o 13,6% dos espazos pero concentran o 43% das funcións programadas e o 58,7% dos espectadores.

Todos os espazos escénicos da mostra de estudo realizan campañas de difusión da súa programación. Os medios máis habituais son as redes sociais (92,3%) e a prensa (72,8%). A antelación máis habitual coa que se inicia a difusión das campañas é de entre unha semana e un mes (66,9%).

Con que antelación á data da representación acostuma iniciar esas campañas?

	Frecuencia	Porcentaxe
Cunha semana ou menos de antelación	29	17,5
Con entre unha semana e un mes de antelación	111	66,9
Con entre un e tres meses de antelación	13	7,8
Con máis de tres meses de antelación	4	2,4
Ns/Nc	9	5,4
Total	166	100,0

Fonte: Elaboración propia

O 60,3% dos espazos non conta cun sistema de medición da satisfacción do público. Só o 9,5% realiza enquisas de satisfacción. O emprego desas enquisas é máis habitual nos espazos urbanos, pero incluso entre estes só as utiliza o 39,1% dos espazos.



Ten algún sistema de medición da satisfacción do público? Se é así, cal/es?

	Frecuencia	Porcentaxe
Non ten sistema de medición	108	63,9
Si, realizan enquisas	16	9,5
Seguimento de comentarios en RRSS e web	11	6,5
Observación da reacción do público (aplausos e comentarios)	29	17,2
Ns/Nc	5	3,0
Total	169	100,0

Fonte: Elaboración propia

Públicos

O perfil do público das artes escénicas en Galicia é maioritariamente o dunha muller (62,5%) de 30 a 49 anos (57,5% das persoas enquisadas) e, en canto ao nivel de estudos, con titulación universitaria (o 57,3% das persoas entrevistadas, cando no conxunto da poboación galega de 16 ou máis anos esta porcentaxe se sitúa arredor de 25%). O 76,9% do público asistente aos espectáculos da mostra tiña traballo no momento da realización da enquisa. Os ingresos mensuais medios por fogar superiores aos 1.200 euros son os máis habituais entre estas persoas entrevistadas (65,3%, das que o 24,7% conta con ingresos mensuais de entre 1.201 e 1.800 euros, o 21,2% de entre 1.801 e 2.400 euros, e un 19,4% máis de 2.400). A maioría do público enquisado reside nunha das sete cidades galegas (48,3%), ao tempo que o 30,8% o fai en concellos de 10.000 a 50.000 habitantes. Dúas de cada tres persoas enquisadas non convivían con menores de 12 anos. Se se analiza por separado esta variable segundo o tipo de función, compróbase que esta porcentaxe acadaba o 81,1% no caso das obras de teatro destinadas a público adulto. Como cabía esperar, nas obras teatrais destinadas a público infantil, o 92,5% dos espectadores si conviven con menores de 12 anos.

No tocante aos hábitos de consumo de teatro, o 40,1% das persoas enquisadas desprazouse a un concello distinto ao da súa residencia para asistir á función. Esta porcentaxe acadaba o 54,2% entre as persoas que residen nos concellos semiurbanos, mentres baixa ao 33,6% entre as que viven nas cidades.

Relación entre concello de residencia e o de representación da obra

	Frecuencia	Porcentaxe
Reside no concello do espazo no que foi entrevistado/-a	649	57,1
Reside nun concello distinto ao do espazo no que foi entrevistado/-a	456	40,1
Nc	32	2,8
Total	1.137	100,0

Fonte: Elaboración propia

O máis habitual entre as persoas entrevistadas é acudir ao espazo escénico coa familia (36,4%) ou coa parella (31,7%).

A idade é importante na determinación do grupo co que se acode aos centros escénicos pois, mentres que o máis habitual para menores de 30 anos é a visita con amigos/-as (37,3%), o máis habitual entre os que teñen entre 30 e 49 é facelo coa familia (41%); as persoas entre 50 e 64 anos acoden principalmente coa parella (36,8); a partir dos 65 anos, a familia volve ser a opción máis frecuente (36,2%). Neste sentido, tamén é relevante a convivencia con nenos/-as, pois a visita ao espazo escénico coa familia é máis habitual entre os que teñen menores no fogar (66,5%), mentres que as persoas que non os teñen acoden principalmente coa parella ou con amigos/-as (40,9%).

E na súa visita de hoxe, ¿con quen acudiu á función?

		En solitario	Coa parella	Coa familia (parella / fillos/as)	Con amigos/as	Ns/Nc
Idade (treitos)	Menos de 30 anos	4,4	32,9	22,8	37,3	2,5
	De 30 a 49 anos	2,8	30,1	41,0	25,5	0,6
	De 50 a 64 anos	3,2	36,8	33,6	26,0	0,4
	65 anos ou máis	6,9	22,4	36,2	32,8	1,7
	Nc	0,0	35,3	29,4	23,5	11,8
	Total	3,3	31,7	36,4	27,6	1,1
Menores de 12 anos no fogar	Non	3,9	40,9	21,5	32,7	1,1
	Si	1,9	13,2	66,5	17,6	0,8
	Nc	3,8	30,8	34,6	26,9	3,8
	Total	3,3	31,7	36,4	27,6	1,1

Fonte: Elaboración propia

As persoas entrevistadas acudiron a unha media de 6,7 funcións escénicas ao longo do ano 2018. Atendendo aos datos por treito, o máis habitual é o de entre 2 e 3 funcións ao ano (27,7%), pero tamén destaca a porcentaxe de quen acudiu entre 4 e 6 veces (25,4%), polo que o 53,1% foi espectador de entre dúas e seis funcións nos últimos 12 meses, un 31,9% asistiu a sete ou máis, mentres que un 11,9% só foi ao espectáculo no que foi entrevistado/-a.

Número de funcións de artes escénicas ás que acudiu ao longo do pasado ano (Treitos)

	Frecuencia	Porcentaxe
Só a esta	135	11,9
2 ou 3	315	27,7
De 4 a 6	289	25,4
De 7 a 10	182	16,0
Máis de 10	181	15,9
Ns/Nc	35	3,1
Total	1.137	100,0

Fonte: Elaboración propia

A media de funcións a que acudiron é lixeiramente máis elevada entre as mulleres (6,9) que entre os homes (6,4). Tamén acoden en maior medida os habitantes canto máis urbano é o seu hábitat (das 5,6 funcións do rural ás 7,1 funcións das cidades). Do mesmo xeito, esa media é máis elevada canto maior é o nivel formativo das persoas entrevistadas (das 4,1 funcións de quen conta só con estudos de primeiro ciclo ás 7,5 funcións de quen ten estudos superiores).

Entre as persoas entrevistadas, as funcións en galego de 2018 supuxeron o 59% do total de funcións ás que asistiron. Esa porcentaxe media redúcese canto máis urbano é o hábitat de residencia (do 70,2% de media de quen reside no rural ao 50,4% das funcións vistas por quen reside nas cidades).

Porcentaxe de funcións en galego (Media e desviación típica)

	Porcentaxe media	Desviación típica
Hábitat de residencia	Urbano	50,4
	Semiurbano	65,1
	Rural	70,2
	Nc	65,6
	Total	59,0

Fonte: Elaboración propia

Con independencia das funcións ás que acudiron, dato en que tamén inflúe a oferta próxima á súa zona de residencia, preguntóuselles ademais polas preferencias en canto á lingua das funcións. O 51,5% do público aposta polas funcións en galego, mentres que un 13,8% as prefire en castelán. Un 32,2% amósase indiferente ante a disxuntiva.

En que lingua prefire as funcións: en galego ou en castelán?

	Frecuencia	Porcentaxe
En galego	586	51,5
En castelán	157	13,8
Indiferente	366	32,2
Ns/Nc	28	2,5
Total	1.137	100,0

Fonte: Elaboración propia

A preferencia polas obras escénicas en galego é máis elevada canto menor é a idade dos espectadores (do 39,7% de quen ten 65 anos ou máis ao 60,8% de menores de 30) e canto menos urbano é o seu concello de residencia (do 49% das cidades ao 57,3% do rural). En todo caso, é a maioritaria en todos os segmentos analizados.

O xénero preferido polo público entrevistado é o teatro para adultos (70,6%). Outros xéneros destacados nas súas preferencias son as obras teatrais musicais (23,7%) e o teatro infantil (19,8%).

**E destes xéneros, cales son os que lle gustan máis a Vde., aos que acode con maior frecuencia?
(RESPOSTA MÚLTIPLE)**

	Frecuencia	Porcentaxe
Obra teatral musical (musicais, ópera...)	270	23,7
Danza	73	6,4
Teatro: Infantil	225	19,8
Teatro: Adultos	803	70,6
Circo, maxia, variedades...	105	9,2
Ns/Nc	21	1,8

Fonte: Elaboración propia

As redes sociais son a canle máis habitual de coñecemento da oferta de espectáculos escénicos (41,7%). Séguenas as recomendacións doutras persoas (32,1%). A moita distancia en termos porcentuais figuran, en terceiro lugar, os folletos ou carteis en sitios públicos (17%) e, en cuarto, as páxinas web (15%).

**Por que canle/s soubo Vde. da programación desta función á que acudiu hoxe?
(RESPOSTA MÚLTIPLE)**

	Frecuencia	Porcentaxe
Redes sociais	474	41,7
Recomendación doutras persoas	365	32,1
Folletos ou carteis en sitios públicos	193	17,0
Páxinas web	170	15,0
Radio ou prensa	115	10,1
Carteis no propio teatro	88	7,7
Outra canle	8	0,7
Ns/Nc	14	1,2

Fonte: Elaboración propia

Entre as redes sociais máis consultadas para saber da programación de artes escénicas polos espectadores destaca con claridade Facebook (65%), pois Instagram e Twitter rexistran porcentaxes moi inferiores (16,7% e 3,2%, respectivamente).

Unha de cada tres persoas asistentes tivo coñecemento da celebración da función á que acudiu cunha antelación de entre unha semana e un mes e un 26,5% na mesma semana en que tivo lugar, polo que o 59,7% soubo desa función cunha antelación non maior a un mes.

A compra da entrada para as funcións en que se realizou a enquisa tivo lugar cunha antelación de entre un e sete días no 31,9% dos casos. Se a esta porcentaxe se suma o 23,2% de quen a mercou no propio día da función, comprobouse que o 55,1% das persoas entrevistadas mercou a entrada na mesma semana en que ía ter lugar, polo que se pode considerar que entre o público galego hai pouca anticipación na compra das entradas.

Con que antelación mercou a entrada?

	Frecuencia	Porcentaxe
O mesmo día da función	264	23,2
Unha semana ou menos de antelación	363	31,9
Entre unha semana e un mes de antelación	243	21,4
Máis dun mes de antelación	250	22,0
Ns/Nc	17	1,5
Total	1.137	100,0

Fonte: Elaboración propia

Internet foi a canle máis habitual para a compra desas entradas (63,8%). O 31,8% das persoas entrevistadas adquiriuna no despacho de billetes. O hábitat do propio espazo escénico e a idade das persoas asistentes son as variables clave na clasificación en función da canle de adquisición da entrada.

Canle máis habitual para a compra desas entradas

	Frecuencia	Porcentaxe
No despacho de billetes	361	31,8
Por Internet	725	63,8
Entrada de promoción	40	3,5
Ns/Nc	11	1,0
Total	1.137	100,0

Fonte: Elaboración propia

A compra por Internet é máis habitual canto máis urbana é a contorna en que se atopa o espazo escénico (as porcentaxes sitúanse no 51,2% no rural e no 52,4% nas vilas, para medrar ata o 71,5% no caso dos espazos escénicos urbanos).

En canto á idade, a compra por Internet destacou de forma evidente entre menores de 30 anos (75,3%, fronte ao 50% das persoas que teñen 65 anos ou máis), mentres que a compra no despacho de billetes presenta unha situación claramente oposta (destacou entre os que teñen 65 anos ou máis, 44,8%, pero ficou no 17,7% entre menores de 30).

Canto estima que gastou Vde. aproximadamente en teatro ou outro tipo de artes escénicas nos últimos 12 meses? (Treito)

	Frecuencia	Porcentaxe
20 euros ou menos	191	16,8
De 21 a 50 euros	220	19,3
De 51 a 100 euros	427	37,6
De 101 a 200 euros	152	13,4
Máis de 200 euros	59	5,2
Ns/Nc	88	7,7
Total	1.137	100,0

Fonte: Elaboración propia

O gasto medio declarado por espectador nos últimos 12 meses en funcións de artes escénicas é de 84,3 euros. O treito de gasto máis habitual foi o de 51 a 100 euros (37,6%). Un 16,8% non pasou dos 20 euros e só un 5,2% gastou máis de 200 euros.

Por segmentos de poboación e atendendo á idade do público, o gasto medio rexistrou o seu valor máis alto no segmento de 50 a 64 anos (96,6 euros) e o máis baixo entre os menores de 30 anos (64,1 euros).

Ese gasto medio foi maior canto máis urbano é o hábitat de residencia (dos 65 euros do público residente no rural pásase aos 94,6 euros das cidades) ou máis alto o nivel de estudos (dos 61,5 euros de quen só conta con estudos de primeiro ciclo aos 97,3 euros de quen conta con estudos universitarios).

Non se aprecia, porén, un gasto maior canto maior sexa o nivel salarial do fogar. Si resulta determinante na contía do gasto o número de funcións ás que se acudiu no pasado ano (o gasto medio pasa dos 20,2 euros de quen só acudiu á función en que foi enquisado/-a aos 187,3 euros de quen acudiu a máis de 10 funcións). Polo tanto, pódese apuntar que o gasto en artes escénicas depende máis da afección a este tipo de espectáculos que do nivel de ingresos.

Dende a súa óptica como espectadoras, o 38,3% das persoas entrevistadas consideran que unha maior difusión ou publicidade das obras programadas contribuiría positivamente na atracción de máis xente ao teatro. A redución de prezos é o segundo factor máis citado de forma espontánea (20,1%) e, en terceiro lugar, sitúase a aposta pola educación en artes escénicas xa dende o colexio (9,5%).

Dende a súa óptica como espectador/a, que cre Vde. que se podería facer para que a xente acudise máis ao teatro? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Maior difusión e publicidade	425	38,3
Reducir prezos	223	20,1
Fomentar as artes escénicas dende a educación, traballando especialmente cos máis novos	106	9,5
Máis programación	71	6,4
Máis variedade	65	5,9
Mellorar a programación, programar obras de calidade ou coñecidas	38	3,4
Mellores horarios	14	1,3
Outras respostas	37	3,3
Ns/Nc	302	27,2

Fonte: Elaboración propia

Ademais de solicitarlle ao público asistente que expresase de forma espontánea que medidas cre que incrementarían a afluencia aos teatros,

propúxoselle tamén de forma expresa cinco posibles medidas, para que indicase o seu grao de acordo.

Dese xeito, o 86,8% das persoas entrevistadas móstranse bastante ou moi de acordo coa posibilidade de que a xente acudiría máis ao teatro se as funcións contasen con máis publicidade ou difusión; o 66,1% mostra a súa conformidade coa posibilidade de que iso ocorrese por incluír nas programacións funcións con actores ou actrices máis coñecidos e o 60,6% sostén que ese incremento do público se lograría baixando o prezo das entradas. Aínda que con porcentaxes claramente inferiores, tamén supera o 50% a aceptación da idea de que acudiría máis xente ao teatro se a programación incluíse outro tipo de funcións (51,5%). O que xa é claramente minoritario é a aprobación da posibilidade de incrementar a afluencia situando as funcións noutro horario (só o 13,6%).

Ata que punto está Vde. de acordo con cada unha das seguintes afirmacións?

	Nada de acordo	Pouco de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo	Ns/Nc
A xente acudiría máis ao teatro se as funcións contasen con máis publicidade ou difusión	5,4	6,9	27,9	58,9	1,0
A xente acudiría máis ao teatro se a programación incluíse funcións con actores/actrices máis coñecidos/as	12,5	20,3	32,9	33,2	1,1
A xente acudiría máis ao teatro se o prezo das entradas fose máis barato	15,1	23,8	26,2	34,4	0,4
A xente acudiría máis ao teatro se a programación incluíse outro tipo de funcións	24,9	31,2	26,8	14,6	2,5
A xente acudiría máis ao teatro se as funcións fosen noutro horario	55,4	29,8	10,2	3,4	1,1

Fonte: Elaboración propia

Tanto as instalacións como a programación habitual do espazo no que contestaron á enquisa logran puntuacións medias arredor do notable: as instalacións son puntuadas cun 7,6 na escala do 1 ao 10 e a programación habitual cun 6,9. As instalacións reducen as súas puntuacións medias canto máis rural é o concello onde se atopa o espazo escénico (os valores pasan do 6,8 dos recintos do rural ao 7,71 dos situados nas cidades). A puntuación das programacións tamén baixa nas instalacións dos concellos rurais (6,35).

Nunha escala do 1 ao 10, como puntuaría Vde. os seguintes elementos deste teatro? (Media)

	Instalacións	Programación habitual	
Hábitat do espazo escénico	Urbano	7,7	7,0
	Semiurbano	7,5	7,0
	Rural	6,8	6,3
	Total	7,5	6,9

Fonte: Elaboración propia

Se os aspectos que cómpre valorar dos espazos escénicos recibían puntuacións de notable, os que teñen que ver coa función acadan claramente o sobresaínte. Así, as persoas entrevistadas xusto despois da función puntuaron aos actores e actrices cunha media de 9,2 puntos (nunha escala do 1 ao 10), sendo este o aspecto mellor valorado. En segundo lugar sitúase a dirección da obra (9,1) e en terceiro a posta en escena (9,0). O argumento non chega ao 9 pero fica igualmente en cualificacións de sobresaínte (8,9). A satisfacción xeral expresada polas persoas asistentes despois das funcións sitúase no 9,1.

Creadores

Entre os e as profesionais do teatro que responderon á enquisa, o colectivo máis numeroso é o dos actores e actrices. A moita distancia porcentual, o segundo con maior presenza na mostra é o das persoas dedicadas á dirección. Tras elas sitúanse as persoas responsables das compañías. Completan a mostra persoas dedicadas á docencia ou á investigación de teatro, á produción e distribución, dramaturgos/-as e guionistas e membros da Academia. Evidentemente, unha mesma persoa enquisada pode desempeñar dúas ou máis desas profesións.

Cal é a súa relación profesional coas artes escénicas? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Actor / actriz	222	88,1
Director/-a	69	27,4
Responsable da compañía	57	22,6
Docente / investigador de teatro	27	10,7
Produción e distribución	26	10,3
Dramaturgo/-a, guionista	24	9,5
Académico/-a	23	9,1

Fonte: Elaboración propia

O perfil resultante da mostra presenta un peso lixeiramente superior de homes (52,4%) que de mulleres (47,6%) e unha idade media de 46 anos (o treito con maior peso porcentual é o das persoas que teñen entre 30 e 49 anos, cun 56%).

Ese perfil amosa profesionais cun elevado nivel de formación xeral, pois entre estes predominan con claridade as persoas con titulación universitaria (72,2%). Tamén é maioritaria a formación específica en artes escénicas, xa que só o 4,4% das persoas entrevistadas carecen dese tipo de formación. En canto aos que si contan con algunha especialización deste tipo, un 45,2% ten formación universitaria neste eido, se ben o máis común son os cursos non universitarios de distinta índole, segundo a profesión específica ou as habilidades requiridas para cada disciplina.

Ao analizar variables como o número de meses que traballaron nas artes escénicas as persoas entrevistadas, ou os seus ingresos relacionados coas artes escénicas, compróbase que na mostra coexisten persoas que teñen a súa actividade económica principal nas artes escénicas, con outras nas que esta é unha actividade complementaria. Así, unha de cada catro persoas entrevistadas non traballou nin un só mes en 2019 en actividades relacionadas coas artes escénicas; no outro extremo compróbase que o 41,7% traballou neste sector cando menos 10 meses. Moitos destes profesionais non teñen nas artes escénicas a súa única fonte de ingresos: durante o pasado ano só o 31,3% percibiu ingresos salariais unicamente da súa actividade relacionada coas artes escénicas; no polo oposto, o 27% destes profesionais non tivo durante 2019 salario ningún derivado das artes escénicas.

Meses traballados nalgunha actividade relacionada coas artes escénicas no 2019 (Treitos)

	Frecuencia	Porcentaxe
Nin un só mes	65	25,8
Entre 1 e 5 meses	44	17,5
De 6 a 9 meses	38	15,1
Entre 10 e 12 meses	105	41,7
Total	252	100,0

Fonte: Elaboración propia

Entre quen si percibiu ingresos derivados desta actividade, a porcentaxe redúcese conforme se incrementan as contías, sendo a máis habitual a de ata 900 euros mensuais (34,9%) e a menos frecuente a de máis de 2.400

euros (4%). Polo tanto, só o 36,6% dos enquisados percibiu ingresos mensuais superiores aos 900 euros procedentes da súa actividade como profesional das artes escénicas.

Treito salarial (media de ingresos mensuais) procedentes de actividades relacionadas coas artes escénicas

	Frecuencia	Porcentaxe
Ata 900 euros	88	34,9
De 901 a 1.200 euros	49	19,4
De 1.201 a 1.800 euros	22	8,7
De 1.801 a 2.400 euros	12	4,8
Máis de 2.400 euros	10	4,0
Non tivo ingresos por esta actividade	68	27,0
Ns/Nc	3	1,2
Total	252	100,0

Fonte: Elaboración propia

Tamén cómpre apuntar que o 32,1% destes profesionais traballaron en 2019 en compañías de baixo orzamento, con menos de 25.000 euros. Esa porcentaxe redúcese de novo a medida que se observan treitos orzamentarios máis elevados, ata chegar ao 11,1% que traballou en compañías con máis de 50.000 euros para o pasado ano.

Podería dicirme que orzamento tivo a compañía na que Vde. traballou por máis tempo en 2019?

	Frecuencia	Porcentaxe
Menos de 25.000 euros	81	32,1
De 25.001 a 50.000 euros	31	12,3
Máis de 50.000 euros	12	11,1
Ns/Nc	86	34,1
Non procede	26	10,3
Total	252	100,0

Fonte: Elaboración propia

Aos profesionais entrevistados preguntóuselles pola súa opinión respecto dos espazos escénicos de Galicia, no que atinxe á dotación persoal e á dotación técnica. Sete de cada dez profesionais das artes escénicas coinciden en sinalar que os espazos galegos adoitan ter carencias de persoal (70,2%) e oito de cada dez detectan carencias técnicas (80,6%).

Tamén se quixo coñecer a súa opinión respecto das posibles medidas que cómpre poñer en práctica para incrementar a afluencia de públicos aos teatros galegos. A ese respecto, a metade sostén –mediante respostas

abertas ou espontáneas– que sería útil mellorar a promoción ou difusión das obras (49,6%). Resulta tamén destacable, pola súa porcentaxe de mención, a suxestión de fomentar o gusto pola cultura e as artes escénicas, en especial mediante a educación xa dende a escola (37,3%), ou a de programar máis ou incrementar a oferta de obras e funcións (26,2%).

Dende a súa óptica como profesional das artes escénicas, que cre Vde. que se podería facer para que a xente acudise máis ao teatro? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Máis promoción ou difusión das obras	125	49,6
Educar no gusto pola cultura e as artes escénicas, en especial dende a escola	94	37,3
Programar máis, incrementar a oferta de obras e funcións	66	26,2
Contar co apoio das administracións: espazos, financiamento, dinamización, coordinación etc.	41	16,3
Ofrecer unha programación de calidade	29	11,5
Máis variedade na programación	21	8,3
Poñer en valor as artes escénicas	17	6,7
Abaratar ou subvencionar o prezo das entradas para fomentar o consumo	14	5,6
Outras respostas	34	13,5
Ns/Nc	3	1,2

Fonte: Elaboración propia

Tras coñecer as suxestións espontáneas destes profesionais para incrementar a afluencia do público aos espazos escénicos, preguntóuselles de forma expresa por unha serie de posibilidades, para que expresasen o seu grao de acordo ao respecto.

A afirmación que suscita maior grao de acordo é a que sostén que acudiría máis xente ao teatro se as funcións contasen con máis publicidade ou difusión (93,7%). As demais afirmacións recollen menores porcentaxes de apoio, pero acadan cando menos o 50% as que aseguran que acudiría máis xente ao teatro se a programación incluíse actores ou actrices máis coñecidos (52,8%) ou se incluíse outro tipo de funcións (50%). O acordo é, en cambio, minoritario coas frases que afirman que a xente acudiría máis ao teatro se as entradas fosen máis baratas (19,8%) ou se as funcións fosen noutro horario (13,5%).

Se se comparan estes resultados cos obtidos na enquisa ao público, compróbase que tanto profesionais como espectadores coinciden na necesidade de que as obras conten con maior publicidade e difusión, e en que un cambio dos horarios non suporía unha maior afluencia de público, pero

discrepan claramente na posible influencia que tería unha baixada de prezos.

Segundo as e os profesionais entrevistados, os xéneros escénicos máis demandados polo público son o teatro infantil (70,2%) e o teatro para adultos (61,1%), percepción que vai na liña do sinalado polo público e as persoas responsables dos espazos escénicos entrevistadas nas outras enquisas deste estudo global sobre as artes escénicas en Galicia.

Dos seguintes xéneros, cales considera Vde. que son os dous máis demandados polo público galego, cales cre que teñen maior aceptación? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Obra teatral musical (musicais, ópera...)	47	18,7
Danza	6	2,4
Teatro: Infantil	177	70,2
Teatro: Adultos	154	61,1
Circo, maxia, variedades ...	14	5,6
Outro tipo	10	4,0
Ns/Nc	11	4,4

Fonte: Elaboración propia

As redes sociais, a prensa e a radio son os medios máis empregados para promover e difundir as súas obras (77,8%, 51,6% e 41,3%, respectivamente). Un 12,3% non realiza ningún tipo de promoción ou difusión.

O 42,9% das e dos profesionais entrevistados prepara as obras cunha antelación de menos de 3 meses respecto da data de estrea. Esa porcentaxe é do 25,8% se se pensa nun treito de entre 3 e 6 meses. Só un 22,7% manifesta facelo con máis de seis meses de antelación.

Con que antelación acostuma preparar unha obra antes de estrea?

	Frecuencia	Porcentaxe
Con menos de 3 meses de antelación	108	42,9
Con entre 3 e 6 meses de antelación	65	25,8
Con entre un ano e 6 meses de antelación	42	16,7
Con máis dun ano de antelación	15	6,0
Ns/Nc	22	8,8
Total	252	100,0

Fonte: Elaboración propia

En canto aos procesos de contratación, o 63,8% das persoas enquisadas pon de manifesto que as obras nas que traballan adoitan ser contratadas

con menos de 6 meses de antelación: con menos de 3 meses de antelación (32,5%) ou con entre 3 e 6 meses (31,3%).

Segundo afirman os e as profesionais que compoñen a mostra de estudo, o máis habitual é manter as obras no repertorio por máis de dúas tempadas (así o fai o 39,3% deles) ou cando menos dúas (31%).

No que se refire ás canles de comunicación que máis se empregan nos procesos de venda / promoción na súa relación coas persoas responsables de programación, compróbase que a información por correo electrónico é utilizada sempre ou habitualmente polo 57,9%, por teléfono polo 53,2% e o medio máis habitual relacionado cos espectáculos (43,3%). Outros procedementos, como a información por redes sociais, son levados a cabo polo 29,8%, pero un 23,8% non os emprega nunca. As visitas personalizadas baixan ata o 23,4% e a venda indirecta a través dunha distribuidora só é empregada de xeito habitual polo 13,5%.

Aos profesionais entrevistados preguntóuselles de forma espontánea, sen opcións de resposta predefinidas, que aspectos cren que resultan determinantes para que unha obra teña uns bos índices de contratación. As respostas máis habituais recibidas fan alusión ao elenco (54%), á traxectoria e imaxe da compañía (48%), ao xénero (39,7%) e ao caché dos seus profesionais (36,5%).

Que tipo de aspectos considera que son determinantes para que unha obra teña bos índices de contratación? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
O elenco	136	54,0
A traxectoria da compañía	121	48,0
O xénero (comedia, drama, musical...)	100	39,7
O caché	92	36,5
O formato / necesidades escénicas e técnicas	59	23,4
As críticas	55	21,8
Outras	64	25,4
Ns/Nc	8	3,2

Fonte: Elaboración propia

O 30,2% das e dos profesionais entrevistados asegura que nunca recibe información das razóns polas que unha obra na que participa é rexeitada por un espazo escénico. O 22,6% di que recibe tal información “algunhas veces” e o 14,7% que a recibe “habitualmente”. Só o 4% di que a recibe sempre ou case sempre.

Só o 8,7% destes profesionais afirma que os espazos escénicos lles remiten sempre ou case sempre información do nivel de satisfacción do público coa súa obra. Recíbea habitualmente o 17,1%.

Despois de realizar unha representación nun espazo escénico dunha obra na que participou, con que frecuencia acostuma recibir información do nivel de satisfacción do público por parte do programador dese teatro?

	Frecuencia	Porcentaxe
Sempre / Case sempre	22	8,7
Habitualmente	43	17,1
Algunhas veces	80	31,7
Nunca	62	24,6
Ns/Nc	45	17,9
Total	252	100,0

Fonte: Elaboración propia

En canto á mellora das canles de relación entre compañías artísticas e responsables da programación nos centros escénicos, a suxestión máis sinalada polos creadores é a de establecer espazos estables de contacto entre responsables da programación e compañías, como potenciar a feira de teatro ou a celebración de congresos, xornadas, mesas redondas... (35,3%). A segunda vía máis apuntada é a da profesionalización da figura de programadores dotándoos de formación específica para o seu labor, logrando que poidan prestar unha dedicación absoluta á programación (22,6%). En terceiro lugar sitúase a necesidade dunha maior accesibilidade ao persoal programador como condición para unha mellor comunicación entre ambas as partes (20,6%).

Conclusións

A maioría dos xestores de teatro en Galicia son mulleres, cunha idade media de 49 anos, que traballan para a Administración, en xeral sen dedicación exclusiva a esta tarefa, sen formación específica nin experiencia previa en xestión cultural. 9 de cada 10 espazos que dependen destes programadores e programadoras son públicos. Trátase de teatros pequenos, de pouca capacidade e con orzamentos escasos. De feito, a maioría non obtén ingresos por venda de entradas, sobre todo no rural.

Pola súa banda, o perfil do público galego tamén é o dunha muller, de 30 a 49 anos, con estudos universitarios e con ingresos relativamente altos, urbana e que non convive con nenos. As persoas que acoden ao teatro van con bastante frecuencia, case 7 veces ao ano.

Os creadores están bastante equilibrados por sexos, cunha lixeira predominancia de homes, de 46 anos de media e cun elevado nivel de formación, tanto xeral coma específico. Nalgúns casos teñen dificultade para obter ingresos das artes escénicas. Un ou unha de cada catro non traballou un só mes en 2019; e, para quen traballou, o salario rolda os 900 €. En relación con isto, atópase tamén o escaso orzamento das compañías de teatro coas que traballan.

As principais carencias que sinalan as persoas encargadas da xestión dos espazos escénicos son de tipo técnico, seguidas de estruturais do edificio que rexentan e de persoal. Tamén son relevantes as carencias orzamentarias para a maioría. Os creadores coinciden basicamente con este diagnóstico.

Sete de cada dez obras prográmanse cunha antelación inferior aos 6 meses, polo que os creadores teñen que preparalas en menos de tres meses antes da estrea; logo mantéñenas, cando menos, dúas tempadas.

Todos os espazos escénicos da mostra de estudo realizan campañas de difusión da súa programación, sobre todo a través de redes sociais e prensa. De feito, o público coñece a oferta teatral a partir das redes sociais, principalmente, pero tamén, en gran medida, polas recomendacións doutras persoas. As entradas mércanse en máis da metade dos casos na semana ou no mesmo día da función. As persoas que adquiren entradas fano maioritariamente por Internet. O gasto medio foi de case 85 € no último ano. Catro de cada dez asistentes desprazáronse a outro concello distinto ao da súa residencia para asistir a unha función.

O 76% das funcións programadas foron en galego, con maior presenza desta lingua no rural que nas cidades. Esta lingua tamén é a preferida polo público, especialmente polos máis novos.

Os creadores pensan que é importante facer unha mellor promoción das obras e tamén establecer estratexias educativas para incrementar a afluencia ao teatro, pero discrepan co público sobre a importancia que ten o prezo das entradas. Entre os aspectos que cómpre mellorar na relación coas persoas responsables da xestión, os creadores sinalan a importancia de establecer canles estables con aquelas, á vez que sinalan o desexable que sería que mellorasen a súa formación.

Os tres colectivos estudados coinciden en sinalar que os xéneros escénicos máis demandados son, en primeiro lugar, o teatro infantil, seguido do de adultos, moi por diante de musicais, circo, variedades, danza etc.. Estes tamén son os xéneros máis representados, pero en orde inversa, xa que se programa máis teatro para adultos que infantil.

Menos da metade dos teatros conta cun rexistro de espectadores e seis de cada dez non contan cun sistema de medición da satisfacción do público. En relación con isto, só un cuarto dos creadores recibe regularmente información sobre a recepción que tiveron as obras representadas. Segundo os resultados do presente traballo, o público galego está moi satisfeito co espectáculo ofrecido polas compañías de teatro e bastante satisfeito coas instalacións teatrais nas que se representan as obras e a programación que ofrecen.